

Categoría	Hoteis
****	720 m ²
*****	760 m ²

Debe especificarse do seguinte xeito:

Categoría	Hoteis
*	640 €/m ²
**	670 €/m ²
***	690 €/m ²
****	720 €/m ²
*****	760 €/m ²

No parágrafo seguinte ao cadro, onde di:

«Para os efectos de cálculo do investimento subvencionable, os honorarios técnicos de redacción de obra...».

Debe dicir:

«Para os efectos de cálculo do investimento subvencionable, os honorarios técnicos de redacción de proxecto e dirección de obra...».

Orde do 19 de abril de 2006 pola que se establecen as bases e se convocan subvencións a entidades locais con destino ao apoio ás festas populares e outros eventos de contido turístico no ano 2006.

Entre as actuacións de fomento do turismo son especialmente relevantes todas aquelas encamiñadas á conservación, o realce e a difusión do acervo cultural e histórico dun pobo. Entre estas últimas atópanse as festas e eventos populares que actualmente acadan unhas cotas moi altas de participación de persoas, tanto naturais do lugar como visitantes, o que trae consigo que se consideren de grande importancia na vida diaria da sociedade que as celebra.

A importancia crecente destas celebracións fai que moitas das festas sexan declaradas de interese turístico de Galicia, estatal ou internacional tanto polas súas singulares características de orixinalidade e calidade, a súa capacidade de convocatoria e participación, como polo seu especial arraigo na localidade.

Estas actuacións, organizadas polas entidades locais tratan de dar a coñecer a través da gastronomía, da artesanía e das distintas tradicións das localidades, a nosa comunidade dun xeito lúdico e festivo.

Deste xeito, a Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Turismo, quere optimizar os recursos dispoñibles, tanto de infraestructura como humanos e económicos para contribuir á organización e difusión destes eventos.

Así, para os efectos de axudar á mellora global da oferta turística de Galicia é polo que, con cargo aos créditos orzamentarios da Consellería de Innovación e Industria asignados para esta finalidade, con base no establecido sobre medidas de fomento nos artigos 73 e 74 da Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia, de acordo co determinado no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, convócanse axudas destinadas ao apoio a festas populares e outros eventos turísticos para o ano 2006. Por iso,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Poderán ser obxecto de subvención, de conformidade co que se establece nesta orde, os investimentos relacionados co apoio, promoción e difusión de manifestacións populares, festas, romarías, exposicións, festivais, certames da comarca e outros eventos de interese turístico para a Comunidade Autónoma de Galicia.

As celebracións dos eventos xirarán en todo caso ao redor das manifestacións de interese cultural, lúdico, folclórico, artístico, relixioso, gastronómico, deportivo ou ambiental.

Estas actuacións deberán acentuar a valoración das tradicións populares e posuirán unha especial importancia como atractivo turístico cara ao pulo económico da comarca e consistirán en:

- A organización, desenvolvemento e promoción de festas populares de interese turístico.
- A organización, desenvolvemento e promoción doutras manifestacións populares de interese turístico.

Segundo a natureza das actuacións que se executen deberá figurar de modo visible, se é o caso, que se trata dunha acción subvencionada pola Consellería de Innovación e Industria, Dirección Xeral de Turismo, cos logotipos correspondentes.

Artigo 2º.-Determinacións orzamentarias.

Estas subvencións, que se rexen polos principios de publicidade, concorrencia competitiva e obxectividade, imputaranse á aplicación orzamentaria 10.06.651A.760.2 e a estas destínase un crédito máximo de 335.608 euros sendo posible a concorrencia con calquera outra axuda para o mesmo obxecto e finalidade doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.

De haber concorrencia, o seu importe, en ningún caso, poderá ser de tal contía que se supere a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente estea establecido.

As actuacións que se consideran nesta orde como accións subvencionables, poderán acadar unha axuda económica de ata un 40% do investimento subvencionable.

Non se computará como subvencionable ningún tipo de imposto, taxa ou prezo público.

Artigo 3º.-Requisitos dos beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das subvencións convocadas pola presente orde as entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia que pretendan a celebración de festas populares e outros eventos ou actuacións de interese turístico incluídas no obxecto desta convocatoria que se vaia celebrar durante o ano 2006.

Artigo 4º.-Obrigas dos solicitantes.

Os solicitantes das subvencións adquiren os seguintes compromisos e obrigas:

1. Someterse ás actuacións de comprobación que se van efectuar pola Consellería de Innovación e Industria, ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas.

2. Comunicarlle á Consellería de Innovación e Industria a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais.

3. Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención sen que proceda ningún cambio da actividade para a que se concedeu a axuda, agás modificacións ou prórrogas autorizadas pola Dirección Xeral de Turismo.

4. Acreditar ante a entidade concedente a realización da actividade subvencionada, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou desfrute da axuda.

5. A reintegrar, total ou parcialmente, o importe percibido da subvención concedida así como os correspondentes xuros de demora devengados desde o momento do pagamento, nos seguintes casos:

-Por incumprimento dos compromisos e obrigas relacionados neste artigo.

-Por incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos prazos e termos establecidos nesta orde.

-Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisen.

-Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a subvención.

-Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, ou incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo ou a concorrancia con outras axudas para a mesma finalidade percibidas de calquera administración ou ente público ou privado.

Artigo 5º.-Solicitudes e documentación.

1. As solicitudes de subvención, xunto coa documentación que a continuación se especifica deberán presentarse, por duplicado exemplar, na Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria correspondente á provincia donde se atope a entidade local, ou en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*:

a) Solicitud segundo o modelo do anexo I subscrita polo presidente da entidade solicitante.

b) Copia cotexada do CIF da entidade solicitante.

c) Certificación do secretario da entidade acreditativa do nomeamento como presidente de quen subscribe a solicitude.

d) Memoria explicativa da actividade que se vaia desenvolver con expresión do prazo de execución e estimación da afluencia de visitantes en edicións anteriores.

e) Orzamento detallado dos investimentos ou actividades que se vaian realizar.

f) Declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para a actividade obxecto desta orde polas distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados nacionais ou internacionais.

2. Os interesados emendarán os defectos das solicitudes de subvención que o precisen, segundo o sinalado no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de non facelo teráselles por desistidos na súa petición, previa resolución ditada para o efecto.

3. As compulsas que procedan para toda a documentación que se especifica nesta orde faranse nos correspondentes servizos centrais ou provinciais da Consellería de Innovación e Industria.

Artigo 6º.-Selección das solicitudes e resolución.

As solicitudes de subvención serán estudadas por unha comisión técnica de valoración constituída polo titular da Subdirección Xeral de Fomento e Cooperación, que a presidirá, actuando como vogais, os xefes de Servizo de Turismo de cada unha das delegacións provinciais da Consellería de Innovación e Industria, os xefes de Servizo de Fomento e Promoción, de Investimentos e Supervisión Técnico-Turística, de Ordenación do Turismo e de Inspección.

Exercerá as funcións de secretario da comisión o mencionado xefe de Servizo de Fomento e Promoción.

Para a valoración das solicitudes teranse en conta en orde decrecente, os seguintes criterios:

1. A importancia da actuación como atractivo turístico cara ao pulo económico da comarca.
2. A declaración de Interese Turístico internacional, estatal ou galego da festa ou evento.
3. O grao de esforzo promocional.
4. A tradición, arraigo e implicación popular.
5. O número de participantes en edicións anteriores.
6. A súa implantación atendendo ao número de edicións celebradas.
7. O grao de innovación e orixinalidade da actuación e os seus elementos.
8. O grao de incorporación de novas tecnoloxías e elementos de promoción da actuación ou acontecemento.
9. A declaración oficial como turístico do concello ou estar incluído o dito concello ou localidade nun Plan de Dinamización e/ou Excelencia Turística.

2. Esta comisión, á vista dos expedientes e dos informes emitidos e dos que, se é o caso, considere necesarios, analizará e cualificará os proxectos e, tendo en conta as disponibilidades orzamentarias formularalle ao conselleiro de Innovación e Industria a través do director xeral de Turismo, as propostas de concesión ou denegación adoptados por esta. Das ditas propostas redactarase a correspondente acta.

3. O conselleiro de Innovación e Industria ditará as resolucións de concesión ou, se é o caso, de denegación de subvencións. Contra as ditas resolucións que esgotan a vía administrativa, poderá o interesado interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o titular desta consellería no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados ambos os prazos desde o día seguinte ao da recepción da notificación das ditas resolucións.

A resolución de concesión determinará o importe da subvención concedida, con cargo ás disposicións orzamentarias determinadas nesta orde.

4. Entenderanse desestimadas as solicitudes sobre as que non recaese resolución expresa no prazo de seis meses contados dende a data de publicación da orde.

Artigo 7º.-Xustificación e pagamento das subvencións.

1. Os beneficiarios de subvencións concedidas en virtude desta orde terán como data límite para a presentación de xustificación do investimento executado o 31 de outubro de 2006.

No caso de festas ou eventos turísticos celebrados tras a data indicada, a resolución de concesión da subvención establecerá expresamente a data na que

deberá presentarse a documentación establecida neste artigo para a xustificación do investimento realizado.

2. Para percibir a subvención os beneficiarios remitiranlle á Dirección Xeral de Turismo, por triplicado exemplar, a seguinte documentación:

a) Solicitude de cobramento segundo o modelo do anexo II.

b) Memoria da actuación realizada á que se achegarán os carteis, folletos, fotografías ou calquera outra documentación que xustifique o cumprimento da actividade subvencionada.

c) Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas acreditativas dos gastos efectuados.

d) Declaración de conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos ou privados nacionais ou internacionais.

e) Certificación orixinal da entidade bancaria acreditativa do número de conta e do CIF do beneficiario.

Se a documentación non reúne os requisitos necesarios, concederase un prazo de dez días para cubrilos, segundo o establecido no artigo 76 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro, procedendo a declarar decaídos no seu dereito aos interesados que non cumpran o disposto neste artigo, logo de resolución ditada ao efecto.

Poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto desta orde.

En todo caso, poderá modificar o establecido na resolución de concesión, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais que superen a porcentaxe legalmente establecida.

Disposición derradeira

En todo o non recollido na presente orde aplicarase o disposto para esta materia no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e as súas disposicións de desenvolvemento, así como no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e demais normativa que resulte de aplicación.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2006.

Fernando X. Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

ANEXO I



PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS CON DESTINO AO APOIO ÁS FESTAS POPULARES E OUTROS EVENTOS DE CONTIDO TURÍSTICO NO ANO 2006	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN210B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

CONCELLO	PROVINCIA	NIF / CIF
ENDEREZO	MUNICIPIO	CÓDIGO POSTAL
ACTUANDO NO SEU NOME E REPRESENTACIÓN ¹		NIF
ENDEREZO PARA NOTIFICACIÓNS	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO E/OU FAX

LOCALIZACIÓN E DESCRICIÓN DO PROXECTO

CONCELLO / PROVINCIA	²
----------------------	--------------

EXPÓN:

Que, vista a orde de subvencións publicada no DOG nº 82, do 28 de abril de 2006 e considerando reunir os requisitos exixidos, de conformidade coa memoria e demais documentación que se xunta, e coa expresa aceptación de todos os termos da convocatoria, e coa finalidade de acometer o proxecto de _____,

SOLICITA:

Unha axuda para completar o financiamento do sinalado proxecto.

¹ Neste caso débese actuar no procedemento conforme o artigo 32 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do PAC.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 19 de abril de 2006 pola que se establecen as bases e se convocan subvencións a entidades locais con destino ao apoio ás festas populares e outros eventos de contido turístico no ano 2006.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL _____ de _____ de _____

(A cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE / /
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

ANEXO II

BENEFICIARIO		NIF / CIF	EXPEDIENTE Nº
INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE APROBADO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA		INVESTIMENTO XUSTIFICADO € _____

Don/Dona _____ en nome e representación de _____, titular do expediente de referencia, promovido ao abeiro da orde da Consellería de Innovación e Industria

EXPÓN:

Que ten executado o investimento relativo ao proxecto de _____, por un importe de _____ €.

Que para a tramitación da proposta de pagamento da subvención concedida, segundo o sinalado no artigo 7º de dita orde, achégase, por triplicado exemplar, a seguinte documentación:

- SOLICITUDE DE COBRAMENTO SEGUNDO O MODELO DO ANEXO II.
- MEMORIA DA ACTUACIÓN REALIZADA Á QUE SE ACHEGARÁN OS CARTEIS, FOLLETOS, FOTOGRAFÍAS OU CALQUERA DOCUMENTACIÓN QUE XUSTIFIQUE O CUMPRIMENTO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA.
- FACTURAS ORIXINAIS OU FOTOCOPIAS COTEXADAS ACREDITATIVAS DOS GASTOS EFECTUADOS.
- DECLARACIÓN DAQUELAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS POR OUTROS ORGANISMOS.
- CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DA ENTIDADE BANCARIA DO NÚMERO DE CONTA E CIF DO BENEFICIARIO.

SOLICITA:

Que se lle liquide a subvención concedida polo importe de _____ € que se corresponden á execución do investimento aprobado.

_____, _____ de _____ de 200__.

O beneficiario da subvención

Don/Dona: _____

Orde do 19 de abril de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de bolsas para a realización de prácticas en oficinas de información turística durante o verán de 2006, e se procede á súa convocatoria.

A importancia do turismo no tecido económico e social de Galicia require a realización dun esforzo continuado na formación dos recursos humanos para adaptar ás novas demandas as actuacións dos estudantes ou titulados que inician ou desenvolven a súa actividade neste sector.

As oficinas de información turística repartidas polo territorio galego prestan un servizo importante aos turistas e visitantes e contribúen de xeito significativo a proxectar a imaxe de Galicia no exterior. Por iso, por parte desta consellería considérase conveniente convocar estas bolsas que, dunha parte, permiten aos estudantes e titulados acceder a prácticas tuteladas co fin de actualizar e mellorar os seus coñecementos e habilidades e, doutra, reforza a prestación dos servizos de asesoramento e información sobre o destino aos visitantes no período de maior afluencia.

Neste ano ampliábase moito a oferta, non soamente polo que se refire ao número de beneficiarios, senón tamén en canto ao número de destinos, para atender as solicitudes presentadas por concellos turísticos ou de máis de 10.000 habitantes, cos cales traballaremos en estreita colaboración.

Así, e consonte co establecido sobre medidas de fomento no artigo 73 da Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia en concordancia co sinalado no artigo 74 de dita lei, esta consellería realiza unha convocatoria de bolsas para a realización de prácticas en oficinas de información turística de acordo coas seguintes bases:

Primeira.-Obxecto.

Convócanse en total 69 bolsas para a realización de prácticas de información turística nas oficinas e pola duración que se sinala no cadro seguinte:

OFICINAS	Nº BOLSEIROS	MESES	PERIODO
SANTIAGO DE C.	3	3	1 XULLO-30 SETEMBRO
A CORUÑA	3	3	1 XULLO-30 SETEMBRO
VIGO	2	3	1 XULLO-30 SETEMBRO
PONTEVEDRA	2	3	1 XULLO-30 SETEMBRO
VILAGARCIA	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
OURENSE	2	2	1 XULLO-31 AGOSTO
LUGO	2	2	1 XULLO-31 AGOSTO
LUGO-FIELATO	1	3	1 XULLO-30 SETEMBRO
TUI	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
FERROL	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
RIBEIRA	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
A CUDIÑA	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
PORTO VIGO	2	3	1 XULLO-30 SETEMBRO

OFICINAS	Nº BOLSEIROS	MESES	PERIODO
FUNDACION AQ	1	3	1 XULLO-30 SETEMBRO
NIGRAN	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
BAIONA	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
SANXENXO	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
CANGAS	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
O GROVE	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
A GUARDA	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
CAMBADOS	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
POIO	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
PONTEAREAS	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
GONDOMAR	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
A ESTRADA	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
CORCUBION	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
BETANZOS	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
PADRON	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
PONTEDEUME	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
NOIA	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
RIANXO	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
MIÑO	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
SANTA COMBA	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
ARTEIXO	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
FISTERRA	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
CARBALLO	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
BOIRO	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
A LARACHA	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
OLEIROS	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
CULLEREDO	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
CAMBRE	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
A POBRA DO CARAMIÑAL	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
VIVEIRO	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
MONFORTE DE LEMOS	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
QUIROGA	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
RIBADEO	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
FOZ	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
VILALBA	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
SAMOS	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
NOGUEIRA DE RAMUIN	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
O BARCO DE VALDEORRAS	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
O CARBALLIÑO	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
RIBADAVIA	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
ALLARIZ	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
LEIRO	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
A POBRA DE TRIVES	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
VEIGA	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
CELANOVA	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO
VERIN	1	2	1 XULLO-31 AGOSTO

Segunda.-Requisitos dos beneficiarios e natureza xurídica da relación.

1. Poden optar ás bolsas de prácticas nesas oficinas de información turística: os técnicos superiores en información e comercialización turísticas, os técnicos superiores en axencias de viaxes, os estudantes de turismo, diplomados ou licenciados en turismo, así como os licenciados en tradución e interpretación ou nalgunha das filoloxías de linguas estranxeiras, sempre que nacesen con posterioridade ao trinta e un de decembro de mil novecentos setenta e oito, non fosen adxudicatarios desta mesma bolsa en dúas ou máis edicións anteriores e acrediten un nivel de iniciación á lingua galega.